

PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

CURSO 2023-2024

1. MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 1º BAC

2. INFORMACIÓN RELEVANTE SOBRE A MATERIA PENDENTE:

Trátase dunha materia pendente por cambio de modalidade de 1º a 2º de bacharelato. Toda a información do currículo, criterios de avaliación, e seguimento, figura na programación didáctica que está dispoñible na web do instituto.

3. CURRÍCULO A DESENVOLVER:

O establecido na programación didáctica.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Como está establecido na programación didáctica, os estudantes que teñan pendente a Economía de 1º bacharelato por ter cambiado de modalidade, terán dúas opcións para recuperar a materia:

- Realizar un traballo ó longo de todo o curso, que lles sería facilitado no mes de setembro e que deberían entregar parcialmente cada trimestre, co que poderían obter unha cualificación final máxima de 6.

- Realizar tres probas escritas, unha por trimestre, considerándose aprobadas as que teñan unha cualificación mínima de 5. No caso de non ter superada algunha delas, poderán presentarse a unha proba final coas partes suspensas. A cualificación final sería a media aritmética das notas obtidas en cada unha das probas.

Nos dous casos, se os estudantes non obtivesen unha cualificación mínima de 5, poderán presentarse a avaliación extraordinaria.

5. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS A DESENVOLVER:

No caso de que os estudantes opten pola realización do traballo, seralles facilitado na última semana de setembro.

Se optasen polas probas escritas, durante o trimestre realizarán previamente unha serie de actividades que lles axuden a adquirir os contidos.

Nos dous casos, fixaranse sesións no recreo ou noutra hora fóra do horario lectivo, para resolver calquera dúbida e facer un seguimento da evolución.

6. RECURSOS:

Tratarase de facilitarlles ós estudantes o libro de texto (sempre que haxa suficientes), o acceso á aula virtual, actividades de reforzo, así como outros recursos que poidan axudalos.

7. TAREFAS A REALIZAR E TEMPORIZACIÓN DAS MESMAS:

No caso do traballo, as datas parciais de entrega serían:

- 1º trimestre: finais de novembro
- 2º trimestre: finais de febreiro
- 3º trimestre: finais de abril

No caso das probas escritas trimestrais, previamente a súa realización os estudantes deberán entregar as actividades propostas, e as datas serán establecidas nun calendario consensuado con eles e coa dirección do centro para que non haxa coincidencia con outras materias.

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN:

A profesora que imparte a materia en 2º de bacharelato fará un seguimento individualizado dos estudantes coa materia pendente de 1º, informará ó titor da súa evolución, e tamén ás familias.